

VOCABULARIO

XEOSFERA

CODIA DE TRANSICION

Zona da codia de transición entre a codia continental e a codia oceánica.

DORSAL

Zona de formación de codia terrestre, orixinase cando se separan dúas placas.

EXFOLIAR

Separarse facilmente en láminas paralelas e delgadas (sucede na lousa por exemplo).

FERROALIAXES

Na industria ao ferro engádese cromo, níquel, manganeso, silicio... para variar e mellorar as propiedades iniciais do ferro. As ferroalixes constitúen a base para a obtención de aceiro.

LITOSFERA

Comprende a codia e parte do manto superior.

MAGMA.

Mextura de silicatos fundidos, gas, cristais e burbullas, que se xeran por fusión das rochas que constitúen a base da codia e manto superior, a profundidades que oscilan entre 20 e 300 Km.

PLATAFORMA CONTINENTAL

Zona do mar que limita con terra con inclinación moi suave, menos do 1%, e profundidade máxima 200 metros.

PLUTÓN

Masa grande de magma solidificado que arrefriou e quedou no interior da terra, por efecto da erosión , plegamentos... aparece despois no exterior (como sucede co granito por exemplo).

SUBDUCCION

Zona de destrución de codia terrestre, orixinase cando se aproximan dúas placas e se introduce unha debaixo doutra.

TALUDE

Zona do mar a continuación da plataforma continental de forte pendente ou inclinación moi pronunciada, similar aos acantilados de terra, está sucada por incisións.